DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/06/2018 09:00:16

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32749
Data envio: 25/06/2018 09:00:20.362

xa que en todas elas diminúe a taxa de desemprego e crece a taxa de ocupación, moi especialmente nas provincias de Lugo e Ourense.

Estes datos confirman o pulo que o Goberno galego está dando ás políticas de emprego, ao abeiro da Axenda 2020 para o Emprego e o resto das planificacións deseñadas desde a Administración autonómica para avanzar cara unha mellora da economía e do mercado laboral galegos, traballando ao lado do tecido produtivo, dos diferentes axentes socioeconómicos e da sociedade no seu conxunto, no impulso dun modelo produtivo máis competitivo e internacionalizado, baseado na innovación e no talento**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

CVE-PREPAR: eeeedd59-72d2-7c12-d184-c242bf3e26c9

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32749
Data envio: 25/06/2018 09:00:20.362

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2018 9:00:16

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32748
Data envio: 25/06/2018 09:00:09.784
Data 25/06/2018 08:59

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25896,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns do aumento na provincia de Pontevedra do número de persoas en desemprego en 2.700 no cuarto trimestre de 2017, tendo en conta que a destrución de emprego nese período foi de 9.500 persoas"**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria,** que ten o seguinte contido:

"A comunidade galega encadea dezaseis trimestres de baixadas consecutivas no número de traballadores desempregados. De feito, por primeira vez en nove anos o número de persoas en paro baixa de 200.000 nun primeiro trimestre da Enquisa de Poboación Activa. Isto supón que Galicia rexistra a menor taxa de desemprego para os meses de xaneiro a marzo dos últimos nove anos, en concreto do 15,1%.

Así mesmo, a ocupación continúa na senda do crecemento iniciada en 2014. De feito, os datos do primeiro trimestre do 2018 reflicten que a comunidade sumou 16.500 novos ocupados no último ano, polo que son 67.300 os empregos recuperados. Consecuentemente, a taxa de emprego en Galicia é a mellor dun primeiro trimestre desde hai sete anos.

Neste contexto, engadir que nos últimos catro anos as persoas inactivas por crer que non van atopar un emprego descendeu na comunidade galega nun 37%, representando un 2,1% sobre o total. En paralelo, obsérvase que a taxa de actividade na poboación de 16 a 64 anos, – grupo de idade no que se concentra a gran maioría das persoas traballadoras – sitúase no 72,94% e, polo tanto, é algo superior á rexistrada no primeiro trimestre de 2009.

CVE-PREPAR: 150c1eb9-2730-0b68-1d55-d6b34be17408

107810
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/06/2018 08:59:58

Polo tanto, a recuperación da economía galega está a ter un reflexo na creación de máis e mellores empregos. Unha evolución en positivo que comparten as catro provincias galegas xa que en todas elas diminúe a taxa de desemprego e crece a taxa de ocupación, moi especialmente nas provincias de Lugo e Ourense.

Estes datos confirman o pulo que o Goberno galego está dando ás políticas de emprego, ao abeiro da Axenda 2020 para o Emprego e o resto das planificacións deseñadas desde a Administración autonómica para avanzar cara unha mellora da economía e do mercado laboral galegos, traballando ao lado do tecido produtivo, dos diferentes axentes socioeconómicos e da sociedade no seu conxunto, no impulso dun modelo produtivo máis competitivo e internacionalizado, baseado na innovación e no talento**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

CVE-PREPAR: 150c1eb9-2730-0b68-1d55-d6b34be17408

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32748
Data envio: 25/06/2018 09:00:09.784

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2018 8:59:58

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32747
Data envio: 25/06/2018 08:59:44.237
Data 25/06/2018 08:59

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26243,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre **"os datos referidos aos procedementos de declaración de bens de interese cultural iniciados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desde o ano 2010 e o seu estado de tramitación"**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"Desde o ano 2010 ata a actualidade, rexistráronse 108 Bens de Interese Cultural (BIC) na comunidade galega, cunha media anual de case 14 bens inscritos no rexistro.

Na actualidade, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten en fase de incoación como BIC un total de 45 novos bens do patrimonio cultural --tanto moble, como inmoble e inmaterial--; todos eles con procedemento iniciado despois da aprobación da nova lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

Así mesmo, estase a tramitar a delimitación de 10 monumentos xa declarados que non contaban con ela**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 6f7dfee7-3738-3b59-6a35-4ff6e0ab5cc3

107813
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/06/2018 08:59:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32747
Data envio: 25/06/2018 08:59:44.237

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2018 8:59:24

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32656
Data envio: 20/06/2018 16:28:01.971
Data 20/06/2018 16:27

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26906,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a publicación e as conclusións do informe presentado no Consello da Xunta de Galicia levado a cabo o día 1 de febreiro de 2018 en relación cos convenios de colaboración asinados no ano 2017 pola Consellería do Medio Rural con 35 concellos galegos para a adquisición de tractores e apeiros para traballos de prevención dos incendios forestais, así como os datos e as previsións ao respecto para o ano 2018"**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural ,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 7ª do 8.06.2018- polo director xeral de Desenvolvemento Rural ao darlle resposta á pregunta 26905 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 105f5730-6343-9ac5-d988-b9db26c32427

107815
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/06/2018 16:27:58

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32656
Data envio: 20/06/2018 16:28:01.971

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/06/2018 16:27:58

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32560
Data envio: 19/06/2018 13:26:33.230
Data 19/06/2018 13:26

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26995**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Goberno central para evitar a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón, así como as medidas levadas a cabo pola Consellería do Mar para solucionar os problemas que veñen padecendo as persoas dedicadas a esa actividade coa aplicación dos actuais plans de seguridade"**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Trátase dun borrador de Real Decreto do Ministerio de Fomento que determina as condicións de seguridade nas actividades de mergullo. Está en fase de exposición pública e de consulta co sector, polo que non hai nada definitivo a día de hoxe.

Non debemos esquecer que é un borrador de normativa que o Goberno central está debatendo cos representantes do sector de Galicia, e xa tiveron lugar diferentes reunións.

A Consellería do Mar informa que xa estudamos este borrador de normativa e seguimos analizándoo de xeito que estaremos vixiantes neste proceso para a defensa dos intereses da nosa frota.

De feito, a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro xa se ten reunido con representantes da Federación Galega de Confrarías de Pescadores para analizar o tema.

É certo que o Real Decreto 1377/1997 transferiu á comunidade autónoma de Galicia diversas funcións en materia do mergullo como son as de autorización e apertura de centros de ensinanzas de mergullo profesional, a realización e control dos exames para a obtención do mergullo profesional, a expedición dos títulos e tarxetas de identidade profesional que habiliten para o exercicio do mergullo.

CVE-PREPAR: 29520e86-b633-eeb2-d4d5-3f7575d6e8c4

107817
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/06/2018 13:26:15

Pero o tema da seguridade no tema do mergullo é unha competencia exclusiva do Estado, o cal é lóxico, ao efecto de establecer unha normativa común e única para todo o territorio do Estado español, tendo en conta que se trata dunha materia moi sensible.

Neste sentido, por parte da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro fixéronse diversas alegacións e emendas ao proxecto de Real Decreto no senso de preservar a actividade extractiva realizada por moitos traballadores do sector mediante a técnica da apnea e superar a regulación prohibitiva recollida no proxecto.

De igual forma fixéronse emendas en materia de seguridade co fin de mellorar os mecanismos regulados no proxecto de Real Decreto e así dotar o mergullo en apnea de unhas máis e mellores condicións de seguridade co fin de garantir o mantemento da actividade e a vez preservar a saúde dos recolectores".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

CVE-PREPAR: 29520e86-b633-eeb2-d4d5-3f7575d6e8c4

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32560
Data envio: 19/06/2018 13:26:33.230

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/06/2018 13:26:15

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32702
Data envio: 21/06/2018 15:05:13.989
Data 21/06/2018 15:05

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27813**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Luís Villares Naveira e don Paula Vázquez Verao, sobre **"as medidas e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a protección ambiental da ría de Foz, diante da tramitación do proxecto de instalación dun embarcadoiro no espigón de San Cosme, no concello de Barreiros"**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

"Segundo consta no anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 28/02/2018 citado na iniciativa, a exposición pública anunciada refírese ao proxecto base para unha solicitude de concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre formulada polo Concello de Barreiros e tramitada pola Administración Xeral do Estado dentro do seu marco competencial. Polo que a verificación do eventual trámite ambiental e o seu futuro seguimento corresponden, así mesmo, á autoridade concedente".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 9f7de9c6-1c07-0676-60f0-cfe4f065d092

107820
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 21/06/2018 15:05:10

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32702
Data envio: 21/06/2018 15:05:13.989

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/06/2018 15:05:10

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:25
Nº Rexistro: 32559
Data envio: 19/06/2018 13:25:45.214
Data 19/06/2018 13:25

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28116,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os resultados da acta levantada en relación aos traballos de explotación mineira da empresa Pizarras Veira do Río S.L no concello de Mondoñedo"**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria,** que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 28117 que tivo lugar na sesión do 15 de xuño de 2017 da Comisión 6º de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Nela informouse das medidas adoptadas cara a súa paralización e restitución da legalidade vixente, así como sobre a tramitación dos correspondentes expedientes sancionadores.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-06-15?part=cb711980-3a74-46c8-a4e4-ebc13cd0ff47&start=7933".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 09bbbbb3-19c4-d0e8-a4b5-b1cefad938a4

107822
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/06/2018 13:25:39

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:25
Nº Rexistro: 32559
Data envio: 19/06/2018 13:25:45.214

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/06/2018 13:25:39

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2018 11:02
Nº Rexistro: 32724
Data envio: 22/06/2018 11:02:09.029
Data 22/06/2018 11:02

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28318,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa programación infantil e xuvenil da TVG, así como as conclusións do informe da Mesa pola Normalización Lingüística referidas á súa escaseza en lingua galega, e as súas intencións respecto do consenso coa CRTVG do seu aumento"**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento na comparecencia 28346, a petición propia do secretario xeral de Política Lingüística e que tivo lugar na Comisión 4ª de data 19/04/2018. Ademais, na mesma sesión foi respondida a iniciativa 19354, onde se deron datos sobre a produción audiovisual da Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG).

Tal e como se expresou tamén en resposta á iniciativa 30781, na sesión da Comisión 4ª celebrada o 07/06/2018, a CRTVG é unha entidade con personalidade xurídica propia, autónoma na súa xestión e independente no seu funcionamento respecto da Xunta de Galicia. Así o establecen a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e o Mandato marco, aprobados ambos polo Parlamento galego.

CVE-PREPAR: 3ed4d9a8-f874-c729-88f2-ae7e02f1d500

107824
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 22/06/2018 11:02:02

Polo tanto, atendendo/axustándose ao establecido legalmente, a Xunta de Galicia non se pronuncia, opina ou valora, ao respecto de calquera cuestión ou aspecto relacionados co labor dos seus directivos e profesionais.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 3ed4d9a8-f874-c729-88f2-ae7e02f1d500

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2018 11:02
Nº Rexistro: 32724
Data envio: 22/06/2018 11:02:09.029

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/06/2018 11:02:02

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:25
Nº Rexistro: 32558
Data envio: 19/06/2018 13:25:15.182
Data 19/06/2018 13:24

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28549,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a realización pola Xunta de Galicia dalgún estudo da situación actual da calidade das augas das canles existentes no contorno da antiga mina de cobre San Rafael nos concellos de Touro e do Pino, así como das captacións e conducións de auga que hai na zona, os plans de seguimento e control levados a cabo e as medidas adoptadas ao respecto"**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria,** que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 28548 que tivo lugar na sesión do 15 de xuño de 2018 da Comisión 6º de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Nela informou das labores de restauración que a actual empresa ven realizando para mellorar a calidade das de augas e dos solos na zona de explotación, así como sobre as esixencias por parte de Administración galega, ademais do traballo de vixilancia e control.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-06-15?part=cb711980-3a74-46c8-a4e4-ebc13cd0ff47&start=8881".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 2962bcf6-1778-8c02-9fe4-32ffdc259683

107827
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/06/2018 13:24:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:25
Nº Rexistro: 32558
Data envio: 19/06/2018 13:25:15.182

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/06/2018 13:24:57

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 10:33
Nº Rexistro: 32756
Data envio: 25/06/2018 10:33:31.063
Data 25/06/2018 10:33

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28843,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia en relación coas conclusións das recentes análises do Consello da Cultura e da Real Academia Galega respecto da situación do galego, as medidas previstas para frear o descenso do seu uso, nomeadamente, entre a xente máis nova, así como a súas intencións respecto do mantemento do Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia"**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en reiteradas ocasións e, de feito, foi uns dos temas a debate na comparecencia a petición propia do secretario xeral de Política Lingüistica que tivo lugar na Comisión 4ª do 19/04/2018.

O galego segue sendo a lingua maioritaria de Galicia, cun dos máis altos graos de coñecemento entre todas as linguas minoritarias de Europa, segundo indica o último documento da Carta europea de linguas rexionais e minoritarias (2016). De feito, o último documento deste comité de expertos enxalza que a situación do galego tras o inmediatamente anterior (efectuado en 2012), 'mellorou considerablemente'.

A Xunta de Galicia, a través das consellerías de Cultura e Educación e Política Social, está a elaborar o que será o primeiro plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2018-

CVE-PREPAR: 4fbea792-9b11-d378-01c9-27fe0ef35529

107829
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/06/2018 10:33:11

2022, cuxo documento marco lle presentou xa aos axentes sociais directamente implicados no seu deseño e implementación, nomeadamente, entidades xuvenís**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 4fbea792-9b11-d378-01c9-27fe0ef35529

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 10:33
Nº Rexistro: 32756
Data envio: 25/06/2018 10:33:31.063

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2018 10:33:11

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32655
Data envio: 20/06/2018 16:27:54.893
Data 20/06/2018 16:27

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29002,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Blanco Rodríguez e outros deputados do mesmo grupo, sobre **"os datos referidos ás deficiencias notificadas pola Xunta de Galicia á empresa concesionaria das obras de ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense desde a súa posta en marcha, a cobertura por esta dos danos materiais detectados nos elementos estruturais do centro e as previsións do Goberno galego respecto da realización de traballos de remodelación do antigo edifico do Hospital Santa María Nai, así como o prazo previsto e o orzamento que vai destinar para ese fin"**, (publicada no BOPG número 294 do 19 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Sanidade**,** que ten o seguinte contido:

"A Subdirección de Investimentos do Sergas realiza o seguimento, execución e control dos programas de investimento do SERGAS en materia de obras e instalacións nos centros asistenciais e administrativos. En calquera obra cando se detectan incidencias estas son subsanadas durante a mesma ou con posterioridade á súa recepción, durante o prazo de garantía. A empresa contratista está a subsanar as incidencias.

En relación á súa cuantificación ou valoración esta só se produciría no caso de que a empresa deixase de asumir as súas obrigas e fora necesario reclamalas a través dos procedementos legais previstos no ordenamento xurídico.

A empresa adxudicataria responderá das súas obrigas de acordo coa normativa vixente en contratación do sector público. Os elementos estruturais están expresamente previstos nesa normativa. O contrato foi publicado segundo a normativa de contratos do sector público.

O SERGAS non valora as incidencias que o contratista vai subsanando. A valoración produciríase no caso de que a empresa se negase a subsanalas e fóra preciso reclamarllas segundo a normativa de contratación pública.

CVE-PREPAR: 294fb7d6-2696-c617-1b12-381b0ad9f313

107832
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/06/2018 16:27:51

Estase estudando a posibilidade de realizar traballos de remodelación do antigo edificio de Santa María Nai e mentres non se concreten as actuacións a realizar non se pode ofrecer unha valoración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: 294fb7d6-2696-c617-1b12-381b0ad9f313

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32655
Data envio: 20/06/2018 16:27:54.893

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/06/2018 16:27:51

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 10:17
Nº Rexistro: 32805
Data envio: 26/06/2018 10:17:18.631
Data 26/06/2018 10:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29150,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre **"os datos referidos ás queixas presentadas nos organismos da Xunta de Galicia por supostos incumprimentos dos dereitos lingüísticos dos cidadáns nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017"**, (publicada no BOPG número 294 do 19 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"O número total de queixas recibidas na Secretaría Xeral de Política Lingüística no conxunto destes catro anos foi de 122, 84 delas relacionadas coas administracións públicas.

No conxunto dos catro anos foron recibidas un total de 38 queixas relacionadas coa actividade das empresas privadas.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega, así como de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

Entre as súas competencias e funcións, recollidas no Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, está a de coordinar a 'xestión de consultas e queixas en materia de dereitos lingüísticos'.

Para dar cumprimento a este mandato, a Secretaría Xeral de Política Lingüística segue en todos os casos o mesmo procedemento, orientado tanto a resolver o obxecto da reclamación como a manter informado ao autor desta.

CVE-PREPAR: 7ee3b4c7-f105-57d8-9bc6-cbbd3febf3a0

107835
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 26/06/2018 10:17:13

De acordo co citado procedemento, unha vez recibida a queixa e aberto o expediente, a Secretaría Xeral de Política Lingüística remite un escrito informando do contido da reclamación á entidade, empresa ou entidade correspondente, así como da lexislación aplicable ao caso. O escrito solicita que se rectifique o erro ou omisión lingüística de que se trate, e ofrece a colaboración do organismo autonómico para facilitar tal labor no que sexa necesario. En paralelo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística diríxese á persoa ou entidade que presentou a queixa para informarlle das xestións realizadas**.**

En canto ao formato, máis do 80% das queixas en materia lingüística foron presentadas en formato papel, a través dos rexistros físicos da Xunta de Galicia. Case o 20% preferiu empregar, en cambio, a vía telemática, por medio do correo electrónico**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

CVE-PREPAR: 7ee3b4c7-f105-57d8-9bc6-cbbd3febf3a0

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 10:17
Nº Rexistro: 32805
Data envio: 26/06/2018 10:17:18.631

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/06/2018 10:17:13

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32654
Data envio: 20/06/2018 16:27:47.674
Data 20/06/2018 16:27

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29547,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o prazo previsto polo Goberno galego para trasladar ás persoas afectadas a información necesaria en relación co proceso de concentración parcelaria decretado no ano 2000 no concello de Catoira, os atrancos que ocasionaron a súa interrupción, así como o investimento levado a cabo e previsto para a súa execución e as actuacións que vai desenvolver para o seu remate"**, (publicada no BOPG número 296 do 25 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural ,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 7ª do 8.06.2018- polo director xeral de Desenvolvemento Rural ao darlle resposta á pregunta 29548 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 25b254c4-d140-3a79-a491-2ad5e35c06d1

107838
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/06/2018 16:27:44

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32654
Data envio: 20/06/2018 16:27:47.674

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/06/2018 16:27:44

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32653
Data envio: 20/06/2018 16:27:40.502
Data 20/06/2018 16:27

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29656,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don David Rodríguez Estévez e outros deputados do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha xuntanza cos representantes dos axentes forestais e medioambientais para reabrir as negociacións e cumprir os acordos acadados"**, (publicada no BOPG número 296 do 25 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 7ª do 8.06.2018- pola Secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural ao darlle resposta á pregunta 29660 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: e98c6ad0-80d4-7167-95a8-eabcbb6bfdf0

107840
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/06/2018 16:27:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32653
Data envio: 20/06/2018 16:27:40.502

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/06/2018 16:27:36

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 11:33
Nº Rexistro: 32539
Data envio: 19/06/2018 11:33:15.959
Data 19/06/2018 11:32

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29742,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a planificación do Goberno galego para solucionar o déficit de profesionais existente no Sergas, as súas previsións respecto da demanda ao Goberno central do aumento do número de prazas para adaptar as de formación polo sistema de residencia MIR e EIR que se ofertan en Galicia ás necesidades reais do Sergas, así como a presentación dun plan de estabilidade no emprego para a súa negociación na Mesa sectorial"**, (publicada no BOPG número 296 do 24 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"No Plan de Estabilidade do Emprego e Provisión do Persoal Estatutario do Sergas 2017-2018, quedou recollido o compromiso de reducir a temporalidade no Servizo Galego de Saúde, que permitirá reducir ata o 5% a porcentaxe que representa o persoal eventual.

Obxectivo que se sitúa ata tres puntos por debaixo do asumido a nivel nacional polo Ministerio de Hacienda, do 8%.

Galicia foi das primeiras comunidades en impulsar un Plan de Estabilidade para asentar as plantillas e mellorar así a calidade asistencial.

Coa creación de 365 novas prazas no Sergas nos achegaremos a este obxectivo de reducir a interinidade ata o 5% e impulsar a estabilidade laboral.

No Decreto de convocatoria da OPE 2017 ofertáronse un total de 1.616 prazas. Así mesmo, no horizonte 2017-2020, a través de novas ofertas, arredor de 5.000 persoas poderán acceder a unha praza estable.

CVE-PREPAR: 178ac4c2-4925-d647-9a46-baf5c2e002c6

107842
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/06/2018 11:32:57

A oferta docente prepárase en base a Informes de planificación de prazas nas que se estiman as necesidades a medio prazo de profesionais en base a xubilacións, defuncións, ausencias por incapacidade temporal, contratacións. Dita información permite valorar que especialidades son excedentarias ou deficitarias no seu caso.

De cara a oferta do 2018 a Consellería de Sanidade solicitou ao Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad a autorización para convocar 394 prazas de formación de residentes, son 17 máis que no 2017.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 178ac4c2-4925-d647-9a46-baf5c2e002c6

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 11:33
Nº Rexistro: 32539
Data envio: 19/06/2018 11:33:15.959

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/06/2018 11:32:57

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32652
Data envio: 20/06/2018 16:27:32.143
Data 20/06/2018 16:27

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

